

A JANGADA DE PEDRA E A SÚA LOCALIZACIÓN POLÍTICA¹

Celso Cancela Outeda

Universidade de Vigo

Resumo: *A Jangada de Pedra*, de José Saramago, vai servirnos de pretexto para referir a evolución política de Portugal e España durante as últimas catro décadas no escenario europeo. Non é a nosa intención abordar o argumento ou idea de fondo da novela; queremos salientar o cambio producido no contexto político en que fora escrita. O propio Saramago tivo ocasión de esclarecer o propósito da novela: a defensa da cultura ibérica fronte á Europa setentrional sobre a que se pretendeu moldear a identidade europea. Metaforicamente, coa separación da península do continente europeo e a arribada da *jangada de pedra* a un lugar entre América do Sur e África, o autor chama a atención a unha Europa eurocéntrica para que repare nas riveiras do Atlántico sur onde frutificaron valores e ideais culturais europeos deixados polos países ibéricos ao longo da historia; estes deben atopar agora acomodo na construción da noción de europeidade, dunha “casa común europea”.

Palabras clave: europeidade, eurocentrismo, europeización, identidade europea, *A Jangada de Pedra*.

Abstract: José Saramago's *The Stone Raft* will serve as a pretext to refer to the political evolution of Portugal and Spain over the last four decades on the European stage. It is not our intention to address the plot or background idea of the novel; we want to emphasize the change in the political context in which it was written. Saramago himself made the purpose of this novel clear: It is about defending Iberian culture against the pretention of northern Europe to shape the European identity following their particular interests. With the separation of the Peninsula from the European continent and the final stop of the stone raft

¹Unha versión preliminar deste texto foi presentada nas [III Jornadas Internacionais José Saramago da Universidade de Vigo - Saramago nos 20 Anos do Prémio Nobel: Literatura, Arte e Política](#) (3-5 de decembro de 2018), [grabada pela UVIGO TV](#).

between South America and Africa, the author metaphorically claims that an eurocentric Europe should pay more attention to an Atlantic South. European cultural values and ideals left behind by the Iberian states, and which evolved along history, must now be accommodated in the construction of an Europeanity, a “European common house”.

Keywords: Europeanness, eurocentrism, europeanization, European identity, *The Stone Raft*.

En abril de 2011, Portugal converteuse no terceiro estado da eurozona en solicitar axuda financeira externa, coñecido popularmente como “rescate”. Uns meses despois, na primavera de 2012, España recibiu ese auxilio financeiro. Foron realizados esforzos formidables para evitar o uso do termo maldito: “rescate”. Floreceron eufemismos con indumentaria técnica (“acordo”, “préstamo vantaxoso”, “solicitud de asistencia financeira externa”....). Recordemos tamén que foron intres nos que se prognosticaba que a moeda común europea, o euro, ía rachar. Asentouse na opinión pública a posibilidade da escisión monetaria real de Portugal e España e a conseguinte resurrección do escudo e da peseta (tamén se especulaba con que Italia acompañaría aos ibéricos). En termos algo máis técnicos, estes estados deixarían de pertencer á eurozona. Disque en Bruxelas e Frankfurt estaban artellados complexos plans para encarar a previsible desfeita monetaria e, por suposto, política.

Como noutros períodos da historia contemporánea, Portugal e España circulaban en paralelo. Revisando a historia contemporánea dos dous estados, os historiadores sinalan a existencia de notables paralelismos. Así, Telo e De la Torre escriben que “en la época contemporánea, ambos Estados siguen una evolución histórica paralela” (*Portugal y España en los sistemas internacionales* 314). Neste aspecto insiste, ao referirse ao campo económico e tecnolóxico, Stanley Payne cando indica que “en este sentido, su historia [de Portugal] es un tanto parecida a la de España, salvo en lo tocante a los últimos tiempos, en los que los indicadores portugueses han sido relativamente peores que los del conjunto de España” (*España. Uma história única* 188). En efecto, por exemplo, ambos estados ingresaron conxuntamente nas Comunidades Europeas (1986) e, máis tarde, na propia Unión Monetaria (1999) que fora deseñada no Tratado de Maastricht (1992). Precisamente, sobre esta evolución histórica paralela e os acontecementos referidos á crise económico-financeira de 2008, imos asentar as nosas reflexións respecto da obra de Saramago. O anterior presupón a consideración da península ibérica como un actor coherente no marco do sistema internacional.

A situación ocasionada pola crise (potencial rompemento da eurozona) evocou a novela *A Jangada de Pedra*, isto é, o desmembramento xeolóxico-simbólico dos estados peninsulares do continente europeo. Saramago, como veremos, focalizou a súa atención na dimensión cultural. Pola nosa parte, a partir da alegoría saramaguiiana, imos referir sucintamente a travesía política da *jangada de pedra*. Noutras palabras, o itinerario político (e económico) dos estados ibéricos nas últimas tres décadas encadrounos, inexorablemente, no seo da Unión Europea. Deste xeito, viría a resultar unha evolución contraria á metaforicamente exposta por Saramago. Lonxe de afastarse de Europa, polo menos da

Unión Europea, España e Portugal semellan estaren ancorados ineludiblemente nela; lonxe de separarse, percorreron un camiño de aproximación, de adaptación e de integración progresiva no marco político-económico europeo. Desde a óptica da ciencia política, é recorrente o uso da noción “europeización”. Tres décadas despois da publicación da obra, a alegórica *jangada de pedra* aparenta estar fixada fortemente en Europa, na Europa política, económica e monetaria representada pola Unión Europea (non acontece o mesmo no apartado social).

En definitiva, a novela vai servirnos de pretexto para referir a evolución política de Portugal e España durante as últimas catro décadas no escenario europeo. Non é a nosa intención abordar o argumento ou idea de fondo da novela; queremos salientar o cambio producido no contexto político en que fora escrita. O propio Saramago tivo ocasión de esclarecer o propósito co que redactara estas célebres páxinas: a defensa da cultura ibérica fronte á Europa setentrional sobre a que se pretendeu moldear a identidade europea. Metaforicamente, coa arribada da *jangada* a un lugar entre América do Sur e África, o autor chama a atención a Europa (á Europa eurocéntrica) para que repare nas riveiras do Atlántico sur onde frutificaron valores e ideais europeos (cultura) por obra dos estados ibéricos; estes deben atopar acomodo na construción da noción de europeidade (“casa común europea”).

O errático percorrido da *jangada de pedra*

O lector é coñecedor de que *A Jangada de Pedra* narra un conxunto de acontecementos sobrenaturais ou inexplicables que conducen á imaxinaria separación xeolóxica da península ibérica do resto do continente europeo:

Y bien precisos eran. Cuando se hizo patente e inocultable que la península Ibérica se había separado por completo de Europa, así se iba diciendo. (Saramago, *La balsa* 45)²

[...] pero cuando empezaron a decir que España estaba separándose de Francia, decidí venir a verlo con mis ojos, España, no, la península Ibérica, Pues eso, Y no fue de Francia de donde la península se separó, sino de Europa, parece que es lo mismo, pero hay su diferencia, Yo de esos detalles no entiendo, pero quise ir a verlo, Y qué vio, Nada, llegué a los Pirineos y vi sólo el mar, Nosotros tampoco más que mar, No había Francia, no había Europa [...]. (*La balsa* 367-368)

² As referencias á obra de José Saramago realizanse a partir da edición *La balsa de piedra*, Barcelona, Debolsillo, 2015, tradución de Basilio Losada.

A península –coa irónica excepción de Xibraltar–, transformada en illa, comeza a navegar á deriva, sen rumbo definido, polo Atlántico con cambiantes e diversas direccións:

Según informaciones recién llegadas a nuestra redacción, ha aparecido una gran brecha entre La Línea y Gibraltar, razón por la que se prevé, teniendo en cuenta las consecuencias hasta ahora irreversibles de las fracturas, que el Peñón se va a quedar aislado en medio del mar, [...]. (*La balsa* 54)

Pusieron la televisión, agora dan noticias de hora en hora, y vieron Gibraltar, no sólo separado de España, sino apartado ya de ella varios kilómetros, como una illa en desamparo en medio de las aguas [...]. (*La balsa* 107)

Primeiramente, diríxese cara ó arquipélago dos Azores:

Entenderás si recuerdas que las Azores están situadas entre los paralelos treinta siete y cuarenta, Diablo, Llámalo, Llámalo, La península va a chocar con las islas, Exacto, Será la mayor catástrofe de la historia, [...]. (*La balsa* 152)

Hay preocupación en los medios oficiales y científicos portugueses, dado que el archipiélago de las Azores se halla precisamente en el camino que la península viene siguiendo, ya se notan los primeros síntomas de inquietud en la población [...]. (*La balsa* 238)

La noticia de que la península se precipita a la velocidad de dos kilómetros por hora en dirección a las Azores fue aprovechada por el gobierno portugués para presentar la dimisión, apoyándose en la evidente gravedad de la coyuntura y el inminente peligro colectivo, lo que permite pensar que los gobiernos sólo son capaces y eficaces en los momentos en que no haya razones fuertes que exijan todo de su eficacia y capacidad. (*La balsa* 249)

Despois, inexplicablemente, a península muda de rumbo para orientarse cara ó norte: “Entonces, sucedió. A unos setenta y cinco kilómetros de distancia del extremo oriental de la isla de Santa María, sin que nada lo hiciera anunciar, sin que se sintiera la menor conmoción, la península empezó a navegar en dirección norte” (*La balsa* 287). Entón, con esta imprevista dirección, a *jangada* encamiñaríase cara Islandia e Groenlandia:

[...] si la península prosigue la derrota que ahora lleva y que la acabará incrustando entre Islandia y Groenlandia, tierras inhóspitas para portugueses y españoles, generalmente habituados a las suavidades y abandonos de un clima templado que tiende a caliente la mayor parte del año. (*La balsa* 299)

Pero, unha nova modificación no rumbo, condúcea cara á área setentrional do continente americano (“Aquella tarde, cuando estaban en sus negocios, supieron que la península, tras alcanzar un punto al norte de las más septentrional de las Azores, Corvo, en

línea recta [...] la península, [...], volvió inmediatamente a su desplazamiento hacia occidente”, *La balsa* 322-323). En concreto, a *jangada de pedra* tomou dirección cara ós Estados Unidos:

A la aldea donde los viajeros se encontraban no llegaron noticias de estos cambios, sólo que los Estados Unidos de América habían anunciado, por boca del propio presidente, que los países que por mar venían podían contar con el apoyo y la solidaridad moral y material de la nación norteamericana. Si continúan navegando hacia aquí, serán recibidos con los brazos abiertos. Pero esta declaración, de extraordinario alcance, tanto desde el punto de vista humanitario como geoestratégico [...]. (*La balsa* 323-324)

De concretarse este destino da península, tamén resultaría afectado o Canadá:

Dijo el presidente de los Estados Unidos de América que la península sería bienvenida, y a los de Canadá, ya ven, no les gustó la cosa. Lo que pasa, dijeron los canadienses, es que si el rumbo no se altera vamos a ser nosotros los anfitriones, habrá aquí dos Terranova en vez de una, y no saben los peninsulares, pobrecillos, lo que les espera, frío mortal, hielo, la única ventaja es que los portugueses van a estar más cerca del bacalao, que tanto les gusta, lo que pierden en veranos, lo ganan en ración. (*La balsa* 335)

Ante a nova situación, Canadá e Estados Unidos propuxeron a celebración dunha conferencia bilateral para examinar os diversos aspectos derivados da transformación da fisionomía política e estratéxica do mundo:

[...] constituirá el primer paso, ciertamente, para el alborear de una nueva comunidad internacional compuesta por los Estados Unidos, por Canadá y por los países ibéricos, que serán invitados a participar en esta reunión a título de observadores, dado que que no se encuentra aún consumada la aproximación física a una distancia suficientemente próxima como para definir de inmediato una perspectiva de integración [...]. (*La balsa* 336)

Canadá y los Estados Unidos se mostraron de acuerdo en que lo mejor sería, pudiendo ser, fijar la península en un punto de su derrota lo suficientemente próximo para dejarla fuera del área de influencia europea y suficientemente alejada para no causar daños inmediatos o mediatos a los intereses canadienses y norteamericanos [...]. (*La balsa* 337)

Non obstante, no seu camiño cara a América do Norte, a península detívose inopinadamente:

En el momento exacto en que los viajeros se inclinaban para ver el mar, la península se detuvo. Nadie allí se dio cuenta de lo que había ocurrido, no hubo ningún tirón de frenos, ninguna señal súbita de inestabilidad del equilibrio, ninguna impresión de rigidez [...]. (*La balsa* 354)

Máis tarde, de maneira inesperada, a península retomou o movemento (“En esto estaban todos cuando, sin avisar, la península se puso de nuevo en movimiento”, *La balsa* 358), pero, insolitamente, non navegaba nunha dirección, senón que comezou a xirar sobre si mesma:

Pero ahora, y el asombro fue general y mundial, el movimiento no era ni hacia occidente ni hacia oriente, ni hacia el norte ni hacia el sur. La península giraba sobre sí, en sentido diabólico, es decir, al contrario de las agujas del reloj, cosa que, al divulgarse, fue causa inmediata de mareos en la población portuguesa y española, aunque la velocidad de rotación no fuera precisamente vertiginosa [...]. (*La balsa* 358)

Tralo insólito episodio, asistimos á caída da península cara ó sur, áinda que, como advirte o autor, isto non significaba que se estivese afundindo no océano. Comezou a desprazarse cara ó hemisferio sur (“La península cae, sí, no hay otra manera de decirlo, pero hacia el sur, porque así dividimos el planisferio, en alto y bajo, en superior e inferior, en blanco y negro [...]”, *La balsa* 379) sen un destino coñecido:

El presidente de la América del Norte habló también al mundo, dijo que, pese a la mudanza de rumbo de la península, en dirección a un ignoto lugar del sur, nunca los Estados Unidos harán dejación de sus responsabilidades para con la civilización, la libertad y la paz, pero que los pueblos peninsulares no podían contar, ahora que penetraban en áreas conflictuales de influencia, No pueden contar, repito, con una ayuda igual que la que les esperaba cuando parecía que su futuro iba a ser indisociable del de la nación americana. [...] Uno de los consejeros observó que el nuevo rumbo, vistas bien las cosas, no era tan malo, Están bajando entre África y la América Latina, señor presidente, Sí, el rumbo puede traernos beneficios, pero también puede agravar las indisciplinas de la región [...]. (*La balsa* 385-386)

La península detuvo su movimiento de rotación, baja agora aplomo, en dirección al sur, entre África y la América Central [...]. (*La balsa* 387)

Ao fin, o periplo oceánico da península chegou ao seu remate e detívose nun punto impreciso entre América do Sur e África (“La península se detuvo, los viajeros descansarán aquí este día, la noche y la mañana siguiente”, *La balsa* 396).

Certamente, a novela abrangue máis cá narración dos acontecementos e peripecias da *jangada*. Relata tamén as manifestacións e declaracíons das autoridades españolas e portuguesas que pretenden gobernar, aparentando exercer un elevado control ou dominio sobre a situación (mensaxes e discursos baleiros coas indispensables referencias ao papel dun nutrido e variado conxunto de expertos e técnicos), áinda que non resulta ser así. Contén referencias ás actuacións dos gobernos e das administracións públicas portuguesa e española (en especial, técnicos, forzas de seguridade, militares, diplomáticos...), aos éxodos

de diferentes sectores da poboación, aos medios de comunicación de masas.... A formidable e misteriosa transformación experimentada pola península vai acompañada de mencións á política internacional, ás relacóns internacionais, á OTAN e Nacións Unidas, en particular, á hexemonía política estadounidense a escala mundial (aspectos estes que poden suscitar reflexións en clave política).

Con este macro-enfoque de cariz xeopolítico concorren referencias minuciosas a episodios cotiás da vida de persoas concretas que, ao longo das páxinas da novela, nos proximan aos personaxes principais (Joana Carda, Pedro Orce, José Anaiço, Joaquim Sassa, María Guavaira, Dois Cavalos ou o can). Deste xeito, convive un dobre enfoque macro e micro, xeral e contextual ou xeopolítico, e un particular e persoal, de raíz psicolóxica; permite isto construír e captar a psicoloxía dos personaxes (estados de ánimo, preocupacións, arelas, temores...) e describir as fondas mutacións que experimentaran a resultas dos acontecementos (da viaxe pola península, principalmente) e da convivencia.

Aínda que non é obxecto da nosa atención, é claro que o factor humano constitúe unha peza ou elemento central da novela, xunto coa metafórica separación xeolóxica peninsular. A convivencia da dimensión persoal e social percíbese se reparamos no artellamento dun dobre xogo de preocupacións persoais e vitais (atopar resgado, establecemento dun fogar, medios de transporte aos que recorrer, relacións persoais e de parella, a procura da felicidade...) e preocupacións xeopolíticas, económicas e socio-políticas (relacións da ‘illa’ ibérica cos Estados Unidos ou Canadá que remite ao acomodo na área transatlántica), beneficios ou danos económicos derivados do futuro destino peninsular, exodos de turistas e residentes....

Tamén é dobre o movemento da *jangada de pedra*. Dunha parte, describe un movemento de translación polo inmenso Atlántico durante o cal se suceden alternativas ou destinos (acaso podería evocar a situación política e xeopolítica de España e Portugal a principios da década dos 80?) e, por outra, unha rotación que apunta á reflexión, dúbida, incerteza diante dunha encrucillada (apostar polo norte, polo espazo transatlántico, ou polo sur, América Latina e África). Por último, a ‘caída’ da *jangada* (que non navega) cara ó sur evoca a intervención dunha forza inexorable, semellante á gravidade, que fai achegar os ibéricos ao seu lugar ‘natural’.

Propósito da obra

Retornando á ficción sobre a que se asenta a novela, —a ruptura xeolóxica da península ibérica respecto do continente, seguida da errática viaxe atlántica—, cabe preguntarse polo seu significado ou intencionalidade. O propio Saramago sinalou que coa súa redacción buscou defender a cultura ibérica (Europa periférica) fronte á Europa setentrional (Europa central) que serviu —e serve— para edificar a identidade europea (europeidade). Portugal e España, que difundiron, con acertos e erros, a civilización europea e o espírito europeo a outras partes do mundo, foron desconsideradas durante séculos na configuración desa identidade europea (en certas épocas tratouse dun illamento voluntario). Doutra parte, a arribada da *jangada* a un lugar impreciso entre América do Sur e África, apunta a proposta de que Europa dirixa a súa ollada cara a eses mundos inspirados polos estados ibéricos e considere a definición dunha nova relación con eles. A detención nese punto inexacto viría, pois, a demandar un reencontro cultural dos pobos ibéricos cos pobos das beiras do Atlántico sur.

Claro que non faltaron lecturas e interpretacións da novela como unha parábola anti-europea. A traxectoria político-ideolóxica do Nobel portugués (incluída a súa postura contraria á adhesión portuguesa ás Comunidades Europeas) deu pé a ese tipo de lecturas e a críticas contra o seu anti-europeísmo. En 1969, manifestou en público a súa simpatía pola doutrina comunista, ao tempo que se afiliaba ao —daquela ilegal— Partido Comunista Portugués. Ademais do seu activismo social, tomou parte na *Revolução dos cravos* (1974) que significou a clausura da extensa etapa ditatorial. Chegou a cualificarse como “comunista hormonal”; así, na obra *Conversaciones con Saramago. Reflexiones desde Lanzarote* pode lerse o seguinte parágrafo:

Padezco de algo que se puede llamar el comunismo hormonal. Por ejemplo, las hormonas hacen que los hombres tengamos barba y las mujeres no. Bien, imagínese que hay personas que nacen con ciertas hormonas que las dirigen al comunismo y las pobres no tiene más remedio que ser así. Bien, ahí tiene el motivo por el que sigo siendo comunista, por una hormona que me impone una obligación ética. (Saramago *apud* Halperín, *Conversaciones con Saramago* 14)

O seu compromiso político é nítido.

Como é sabido, *A Jangada de Pedra* fora publicada en 1986 nun contexto político e xeopolítico enxertado nunhas coordenadas moi distintas (Guerra fría, confrontación ideolóxica, antagonismo capitalismo-socialismo...) das actuais. Mediada a década dos 80, cando Portugal e España ingresaron nas Comunidades Europeas, o proceso de integración europea presentaba unha faciana marcadamente económica e mercantil; non en balde era usual referirse á adhesión ao “mercado común europeo”, no canto das Comunidades

Europeas (organizacions). En xeral, a integración europea era concibida e percibida, en especial desde sectores da esquerda, como un proxecto de inspiración capitalista e mercantil, carente de dimensión política (democracia) e social (benestar social).

Porén, Saramago tivo ocasión de esclarecer o propósito perseguido pola novela, en 1998, nunha publicación titulada “Descubrámonos los unos a los otros”. Nela escribiu que “me refiero [...] a esa novela titulada *La balsa de piedra*, que, si no llegó a darle la vuelta al mundo, logró perturbar algunas cabezas europeas excesivamente susceptibles que pretendieron ver en ella, más que la ficción que es, un “acta de protesta y de rechazo contra la Europa comunitaria” (Saramago, Descubrámonos los unos a los otros 44). E, prosigue o escritor luso:

[...] Esa mi *Balsa de piedra* es, toda ella, desde la primera a la última página, la consecuencia literaria de un resentimiento histórico. Puestos por las casualidades de la geografía en el extremo occidental del continente europeo, los portugueses, a pesar de con España haber llevado (tanto para bien como para mal) a otras partes del mundo el nombre y el espíritu de Europa, quedaron después, de cierto modo, al margen de la historia subsecuente. Nos cabe a nosotros (me refiero ahora, evidentemente, a Portugal) una parte de responsabilidad en esa especie de exilio dentro de lo que en nuestros días se dio en llamar la casa común europea. En todo caso, el gusto por la autoflagelación que nos es muy característico no deberá hacer olvidar el desdén y la arrogancia de que nos dieron abundantes muestras las potencias europeas a lo largo de cuatro siglos, comenzando por el más antiguo aliado de Portugal, que es Gran Bretaña, para quien, hasta tiempos bien recientes, cualquier intento de acercamiento y conciliación de los intereses de los dos Estados peninsulares siempre fue visto como una potencial amenaza a sus propios e imperiales intereses. (Descubrámonos los unos a los otros 44)

Xa que logo, a motivación parece ser o “resentimento histórico” provocado pola marxinación ou exilio sufrido polos estados ibéricos dentro de Europa, a pesar da pasada contribución á difusión das ideas e civilización europeas.

Ataca Saramago a persistencia de dúas Europas, a central e a periférica, que, aínda que comparten institucións comúns (Comunidades Europeas), carecen dun verdadeiro espírito de diálogo e cooperación. Arremete contra a que denomina “Europa eurocéntrica en relación a sí misma” na que os estados ricos e culturalmente superiores só conciben os restantes países como meros lugares onde facer bos negocios. O seguinte parágrafo recolle estas ideas:

Europa debería presentar al tribunal de la conciencia mundial (si eso existe) el balance de su gestión histórica (perdonéseme este lenguaje de burócrata), para que no siga prolongándose su pecado mayor y su mayor perversión, que es, y ha sido, la existencia de dos Europas, una central,

otra periférica, con el consiguiente lastre de injusticias, discriminaciones y resentimientos, cuya responsabilidad la nueva Europa comunitaria no parece querer asumir, esa paralizadora tela de prejuicios y opiniones hechas que todos los días se manifiesta y nos distancia de un espíritu auténtico de diálogo y colaboración.

No estoy hablando de guerras, de invasiones, de genocidios, de eliminaciones étnicas selectivas, que no cabrían en un discurso como éste. Hablo, sí, de la ofensa grosera que es, más allá de la congénita malformación que denominamos eurocentrismo, aquel comportamiento aberrante que consiste en ser Europa eurocéntrica en relación a sí misma. Para los Estados europeos más ricos y, si acreditamos la narcisista opinión en que acostumbran complacerse, culturalmente superiores, el resto del continente sigue siendo algo más o menos vago y difuso, con un tanto de exotismo, con un tanto de pintoresco, merecedor, cuando mucho, del interés de antropólogos y arqueólogos, pero donde, a pesar de todo, contando con las adecuadas colaboraciones locales, aún se pueden hacer algunos buenos negocios. (Descubrámonos los unos a los otros 45)

Reclama a edificación dunha nova Europa arredada das tradicionais hexemonías culturais. En relación a isto, subliña o seguinte:

Ahora bien: es mí parecer que no habrá una Europa nueva si ésta que tenemos no se instituye decididamente como una entidad moral, como tampoco habrá una nueva Europa en tanto no se haya eliminado, más que los egoísmos nacionales o regionales, que casi siempre son reflejos defensivos, en cuanto no se haya eliminado, digo, el prejuicio de un supuesto predominio o subordinación de unas culturas en relación a otras. Tengo presente, claro está, como pura obviedad que es, la importancia de los factores militares y políticos en la formación de las estrategias globales, pero siendo, por fortuna o desgracia, hombre de libros, es mi deber, si aquí vengo, recordar que las hegemónías culturales de nuestro tiempo han resultado, esencialmente, de un doble y acumulativo proceso de evidenciar lo suyo y ocultar lo ajeno, y que ese proceso que, con el paso del tiempo, tuvo el arte de imponerse como algo inevitable, ha sido muchas veces favorecido por la resignación, cuando no por la complicidad, de las propias víctimas. (Descubrámonos los unos a los otros 46)

Á marxe desta severa e fonda crítica á concepción reinante de Europa, José Saramago subliña de xeito nítido a intencionalidade que presidiu a redacción de *La balsa de piedra*: un novo descubrimento, un encontro, un diálogo novo cos pobos iberoamericanos e iberoafricanos para que os países ibéricos, sen deixar de ser Europa, descubrisen esa vocación de sur que manteñen reprimida. Concretamente, escribiu Saramago:

Es tiempo de terminar. Entretanto, *la balsa de piedra* navegó hacia el sur unas cuantas millas más. Su ruta terminará en un punto del Atlántico situado en algún lugar entre África y América del Sur. Ahí, como una nueva isla, se detendrá. Transportó a los pueblos de la Península herederos de los antiguos descubridores, los llevó al reencuentro con las raíces que allí por entonces fueron plantadas (los árboles europeos convertidos en selvas americanas...), y si, como propongo en esta charla, descubrir al otro

será siempre descubrirse a sí mismo, mi deseo al escribir ese libro fue que un nuevo descubrimiento, un encuentro digno de ese nombre, un diálogo nuevo con los pueblos iberoamericanos e iberoafricanos, permitiesen descubrir en nosotros capacidades y energías de signo contrario a aquellas que hicieron de nuestro pasado de colonizadores un terrible cargo de conciencia.

Un político catalán, escribiendo sobre *La balsa de piedra*, sugirió que mi pensamiento íntimo no habría sido separar a la Península Ibérica de Europa, sino transformarla en un remolque que llevase a Europa hacia el sur, apartándola de las obsesiones triunfalistas del norte y tornándola solidaria con los pueblos explotados del Tercer Mundo. Es bonita la idea, pero en verdad no me atrevería a pedir tanto. A mí me bastaría con que España y Portugal, sin dejar de ser Europa, descubrieran en sí, finalmente, esa vocación de sur que llevan reprimida, tal vez como consecuencia de un remordimiento histórico que ningún juego de palabras podrá borrar, y sólo acciones positivas contribuirían a hacerlo soportable. El tiempo de los descubrimientos aún no ha terminado. Continuemos, pues, descubriendo a los otros, continuemos descubriéndonos a nosotros mismos. (Descubrámonos los unos a los otros 51)

En definitiva, despois de percorrer o Atlántico á deriva (e rotar antes de caer cara ó sur), o feito de que a *jangada de pedra* se parase nun punto impreciso entre América do Sur e África viría simbolizar a necesidade do reencontro cultural dos pobos ibéricos cos pobos do outro lado do Atlántico e da demanda da súa correspondente consideración por parte dos estados europeos que impulsan a integración continental. Os estados que configuran a balsa de pedra son convocados a descubrirse a si mesmos ao se achegaren á América Latina e África. En canto estados ex-colonizadores e europeos, membros da Unión Europea, deben tratar de que esta preste atención tamén ao sur (a *jangada de pedra* debería actuar como remolque que levase a Europa cara ao sur, que a reorientase) para reparar inxustizas e abusos históricos e implantar a solidariedade no presente co terceiro mundo. No momento actual, dadas as transformacións experimentadas pola propia Unión Europea (e a incidencia de fenómenos como a globalización, o liderado de estados como China ou formulacións como o neoliberalismo...), as relacións políticas e económicas con América Latina e África xa transitan polas canles confeccionadas a nivel europeo; é a Unión quen define as metas e obxectivos (políticos e económicos, principalmente) e dispón dos instrumentos e ferramentas para materializalos (política comercial, política exterior, política de cooperación ao desenvolvemento...).

“Nós tamén somos ibéricos”

Abofé que este lema podería ter sido un título alternativo para a novela. Recolle o propósito último das páxinas de Saramago. Un movemento popular que clama en favor do ofrecemento de auxilio aos pobos ibéricos que se desatou en diversos estados europeos. A isto fai referencia a frase que podía lerse en varios idiomas: “Nous aussi, nous sommes ibériques” (“Nos tamén somos ibéricos”). O narrador comenta que, despois da separación da península, en numerosos países europeos a mocidade inquieta empezou a difundir esta frase (“palabras escandalosas, señal de una perversión evidente”, *La balsa* 188). Trala rachadura entre a península e o continente, os estados europeos situados ao norte dos Pirineos parecen non recoñecer como tales aos ibéricos, áinda que, certamente, nunca o fixeran. Así, o presidente portugués declara que “[...] estos gobiernos europeos que en el pasado jamás demostraron querernos realmente consigo [...]”.

Precisamente, *A jangada de pedra* evidencia o desinterese de Europa (continental e central) pola sorte dos estados ibéricos (excéntricos), desinterese que parece asentado na negación da europeidade de Portugal e España. Así, podemos ler o seguinte parágrafo:

Ése fue el día señalado en que la ya distante Europa, que según las últimas mediciones conocidas iba por los doscientos kilómetros de alejamiento, se vio sacudida, de los cimientos al tejado, por una convulsión de naturaleza psicológica y social que dramáticamente puso en mortal peligro su identidad, negada, en ese decisivo momento, en sus fundamentos particulares e intrínsecos, las nacionalidades, tan laboriosamente formuladas a lo largo de siglos y siglos. Los europeos, desde los máximos gobernantes a los ciudadanos comunes, se acostumbraron rápidamente, e incluso se sospecha que con un inexpresado sentimiento de alivio, a la falta de las tierras extremas occidentales, y si los nuevos mapas, rápidamente puestos en circulación para actualizar la cultura del pueblo, causaban aún a la vista cierto desasosiego, sería sólo por motivos de orden estético [...]. (*La balsa* 186)

Se cadra aínda resulta más clarificadora a seguinte cita:

Aunque no sea lisonjero confesarlo, para ciertos europeos, verse libres de los incomprendibles pueblos occidentales, ahora en navegación desmesurada por el océano, de donde nunca deberían haber venido, fue, sólo por sí, una satisfacción, promesa de días aún más confortables, cada uno con su igual, empezamos al fin a saber qué es Europa, aunque queden en ella, todavía, parcelas espurias que más tarde o más temprano acabarán desligándose también de un modo u otro. Apostemos a que en nuestro final futuro seremos un país solo, quinta esencia del espíritu europeo, sublimado perfecto, Europa, es decir, Suiza. (*La balsa* 188)

Afonda na cuestión da europeidade co relato dalgunhas medidas tomadas polos gobiernos europeos para combater a mobilización popular da mocidade europea. Ao respecto, pódese ler o seguinte:

[...] consistió en organizar debates y mesas redondas en la televisión, con la principal participación de personas que huyeron de la península cuando la ruptura se consumó [...] los nativos propiamente dichos, los que, pese a los apretados lazos de tradición y cultura, de propiedad y poder, dieron la espalda al desvarío geológico y eligieron la estabilidad física del continente. Esta personas trazaron el negro cuadro de las realidades ibéricas, aconsejaron, con mucha caridad y conocimiento de causa, a los turbulentos que imprudentemente estaban poniendo en peligro la identidad europea, y concluyeron su intervención en el debate con una frase definitiva, clavando sus ojos en los ojos del espectador, en actitud de gran franqueza, Haga como yo, elija Europa [...]. (*La balsa* 191)

Sorprendentemente, son os propios nativos hispano-portugueses os que negan a condición de europeos ás súas respectivas comunidades ou pobos.

Aínda que na actualidade se dá por descontado que España e Portugal son estados europeos, se botamos a vista atrás, tal afirmación non resulta tan clara e incuestionable.³ Varios apuntamentos poden ser feitos. En primeiro lugar, o alongamento das Comunidades Europeas non fora estipulado nos plans iniciais de integración europea, aínda que o discurso e a retórica europeístas, inspirados nos ideais federalistas, procure amosar a visión oposta. Non estaba disposto nos Tratados fundacionais que as Comunidades Europeas, integradas na súa orixe por seis estados membros (Bélgica, Países Baixos, Luxemburgo, Italia, Alemaña e Francia), tivesen que alongarse forzosamente e, menos aínda, cara á periferia continental. Chegada a década dos 80, a situación era substancialmente a mesma, se ben xa se dera entrada a Dinamarca, Irlanda e Reino Unido (1973). A delimitación territorial das Comunidades, primeiro, e da Unión Europea, despois, continúa a ser unha cuestión rodeada de incerteza e indefinición, o cal orixina intensas e fondas controversias políticas (por exemplo, a adhesión de Turquía).

En segundo lugar, no contexto do alongamento ao Mediterráneo, Marrocos presentou formalmente, o 8 de xullo de 1987, a súa solicitude de adhesión ás Comunidades Europeas. A resposta do Consello de Ministros foi negativa sobre a base de que era un estado de África, non de Europa en termos xeográficos. Isto evidencia que as Comunidades carecían doutro tipo de criterios capaces de ofrecer unha definición do que é ou non europeo.

Desde principios da década dos 90, en concreto desde 1993, as circunstancias políticas (as numerosas, imprevistas e apresuradas demandas de adhesión procedentes dos

³ Lembremos unha expresión relativamente popularizada: “África empeza nos Pirineos”. A partir da situación xeográfica peninsular, serviu para resaltar o particularismo peninsular, en especial, o español.

estados do centro e leste do continente) forzaron á Unión Europea ao establecemento dos chamados “criterios de Copenhague”⁴. Estes foron acompañados da confección dunha narrativa asentada en ideas como a da “casa común europea”, que se engadiu ao tradicional discurso da pacificación, prosperidade e democratización. Deste modo, veu a definirse parcialmente o que se entende por europeo, aínda que segue a ser unha cuestión aberta ao debate.

A travesía política da *jangada de pedra*

Esta novela publicouse no intre en que España e Portugal, simultaneamente, acababan de adquirir oficialmente a condición xurídico-formal de estados membros das Comunidades Europeas (1 de xaneiro de 1986), despois dun longo proceso negociador que arrincara en 1977. Certamente, na altura as Comunidades Europeas amosaban unha faciana nitidamente económica e mercantil. De feito, abondaban as referencias á adhesión ao “mercado común europeo” onde debían imperar as liberdades fundamentais de circulación (persoas, mercadorías, servizos e capitais) no marco da libre concorrenza (non en balde, na época foi usual o recurso, desprezativamente, á expresión “Europa dos mercaderes”).

Porén, neste período estaban en marcha as negociacións da que sería a primeira gran reforma dos tratados constitutivos, a Acta Única Europea. Esta modificación entrou en vigor en 1987 e conduciu á implantación do mercado único en 1993. Era este un xeito de afondar ou perfeccionar o “mercado común” de mediados dos oitenta no que subsistían numerosos obstáculos e trabas á efectiva materialización das catro liberdades. Máis tarde, as

⁴ O Tratado da Unión Europea fixa as condicións (art. 49 TUE) e os principios (art. 6, apartado 1 TUE) a cumplir por calquera estado que pretenda ingresar na Unión Europea. Segundo o referido artigo 49, esas condicións son:

- ser un Estado europeo;
- respectar os valores comúns (dignidade humana, liberdade, democracia, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os das minorías) dos estados da Unión Europea e comprometerse a promovelos.

Ademais, para adherirse á UE, o estado candidato debe cumplir os chamados “criterios de Copenhague”. Estes son:

- a existencia de institucións estables que garantan a democracia, o Estado de dereito, o respecto dos dereitos humanos e o respecto e a protección das minorías;
- a existencia dunha economía de mercado en funcionamento e a capacidade de fazer fronte á presión competitiva e as forzas do mercado dentro da Unión Europea;
- a capacidade para asumir as obrigas que se derivan da adhesión, incluída a capacidade para pór en práctica de xeito eficaz as normas, estándares e políticas que forman o acervo comunitario, e aceptar os obxectivos da unión política, económica e monetaria.

reformas de Maastricht (1992) axudaron a diluír a predominante esencia económico-mercantil en favor da política (cidadanía europea, democratización, política exterior...). Obviamos examinar o proceso de integración polo miúdo. Cómpre ter presente a sucesión de reformas mediante os tratados de Ámsterdam (1997), Niza (2001), Lisboa (2007) que alteraron de xeito substantivo a Unión Europea en favor da dimensión política. Hoxe, cabe considerala e examinala en termos dun sistema político.

Nesta mesma década, as Comunidades Europeas enfrentaban o coñecido “alongamento mediterráneo” (Grecia, España e Portugal). Á marxe da problemática intracomunitaria orixinada (questiós como o impacto no sector agrícola e industrial, no orzamento comunitario...), desatouse a cuestión da identidade europea e os límites europeos; anos máis tarde, acadaría unha intensidade áinda maior debido ao alongamento ao centro e leste do continente. En particular, a entrada de Turquía e o debate suscitado durante a elaboración do Proxecto de Tratado constitucional (2003-2004) a causa da inclusión no texto dunha referencia ás raíces cristiáns de Europa tensou a disputa.

Retornemos á década dos 80. Paga a pena realizar unha mención a Grecia xa que achega elementos para contextualizar o caso ibérico (estados da periferia). O país heleno atravesara unha etapa ditatorial (“Ditadura dos coroneis”) desde 1967 (golpe de estado militar do 21 de abril) ata 1974 (23 de xullo). Recuperada a democracia e superado o illamento diplomático anterior, acabou formalizando o seu ingreso nas Comunidades Europeas o 1 de xaneiro de 1981. Foi un proceso veloz. O Estado heleno presentara a súa candidatura oficial o 12 de xuño de 1975. A seguir, comenzaron as negociacións para o ingreso o 27 de xullo de 1976 e remataron o 23 de maio de 1979. Aínda que Grecia asinara un acordo de asociación coa Comunidade Europea en 1961 (este acordo, que xa estipulaba a posibilidade dunha futura e plena adhesión ás Comunidades, quedara en suspenso durante a ditadura militar). Como sucedería cos estados ibéricos, o extremo atraso económico (os altos índices de desemprego e o baixo PIB, un 50% inferior á media dos nove estados membros das Comunidades) e a falta de credenciais democráticas eran as principais trabas á entrada no rico e estable club europeo.

Para vencer as reticencias dos socios comunitarios, ademais de despregar iniciativas políticas varias, o Goberno grego apelou á historia e ao sentimento (Grecia como berce de Europa) para a construcción dun discurso favorable aos seus intereses e pretensiós. O Goberno de centro-dereita, encabezado por C. Karamanlis, vía na adhesión a clave da estabilización política interna, da modernización económica e da rehabilitación internacional grega, así como do fortalecemento da seguridade fronte a Turquía (estaba candente o conflito

chipriota). Porén, internamente, existía oposición ao ingreso na Comunidade Europea. En concreto, o Movimento Socialista Panhelénico (PASOK), fundado por Andreas Papandreu, capitaneou desde posiciones de esquerda esa oposición. Concibía as Comunidades Europeas como o brazo político da OTAN e un instrumento de explotación capitalista. Aínda que o PASOK se opuxo á ratificación do tratado de adhesión, máis adiante, adoptaría un enfoque pragmático e progresivamente deixou de lado a retórica terceiro-mundista e non-alinada contra a OTAN e as Comunidades Europeas.

Por unha banda, a anterior exposición é relevante polo paralelismo político que, en liñas xerais, garda coa situación de partida e posterior evolución de España e Portugal.⁵ Por outra banda, as xenerosas condicións do ingreso grego espertaron o temor entre os nove estados comunitarios; estes temían que este precedente fose empregado para Portugal e España, o cal provocaría un impacto negativo dunha magnitude enorme, en particular, no campo das finanzas.

Nos anos 70, os dous estados ibéricos tamén deixaronatrás dilatados períodos ditatoriais e emprenderon o camiño da democratización e da modernización económica. Liquidadas as posesións coloniais (Sáhara, Angola, Mozambique...), a adhesión ás Comunidades Europeas converteuse na súa meta política prioritaria. Repensaron e redefiniron as súas respectivas políticas exteriores cunha meta clara: Europa. Xustamente, os estudiosos subliñan ese cambio da política exterior que supuxo o rompementcoas liñas ou orientacións tradicionais na materia. En relación ao caso luso, José Palmeira apunta que

a queda do regime autocrático, em 1974, troxe consigo uma reorientação da política externa portuguesa, que passou por uma aposta clara no processo de integração europeia (como forma de desenvolvimento económico e defesa do regime democrático, de matriz occidental), isto despois de uma aproximação anterior, encetada em 1972, com a assinatura de um acordo com as Comunidades Europeias. (Palmeira, *O poder de Portugal* 65)

Sobre Portugal, Taibo tamén escribe que

en 1986 Portugal y España se convirtieron en miembros de pleno derecho de lo que hoy llamamos Unión Europea. Si el *Estado novo* había vinculado su condición con la preservación del imperio y, a través de ella, con la

⁵ García de Cortázar e González Vesga escriben que “Tres transiciones europeas –griega, portuguesa y española- casi coincidentes en su arranque suscitan el interés de los estudiosos. Habría similitud entre esos países en lo referente a la ausencia de una tradición de tolerancia y pluralismo y, por el contrario, en la proclividad de sus militares a intervenir en asuntos de gobierno” (*Breve historia de España* 625-626).

vocación atlántica de Portugal, el país que surgió en 1974 sustituyó en cierto sentido el imperio por *Europa*, vinculó ésta expresamente con la Unión Europea y sugirió al cabo que los vínculos correspondientes nunca habían sido, en los hechos, abandonados. Es verdad que la dimensión europea siempre había estado presente en la vida y la historia portuguesas, y ello por mucho que en tantas ocasiones quedase oscurecida por otra dimensión, la relacionada con el imperio colonial, de esa vida y esa historia. Durante varios siglos, Portugal había sido de forma simultánea el centro de un gran imperio y un lugar de la periferia de Europa, esto es, un Estado colonizador y colonizado al mismo tiempo. En este orden de cosas, la integración en la Unión Europea creó la ilusión de que al incorporarse al centro, dejaba de ser periferia. (Taibo, *Comprender Portugal* 92)

Agora ben, a adhesión dun novo estado á Unión Europea sempre implica un proceso de negociacións de carácter técnico e político que, segundo aos casos, presenta maior (España) ou menor (Austria, Suecia, Finlandia) complexidade e dificultade (política, económica, financeira, social...). No caso concreto de España e Portugal as negociacións non foron sinxelas. Eran estados pobres e inestables politicamente que ían ocasionar un impacto notable, en especial España, en eidos como a agricultura, a industria ou a política rexional, á parte dos temores a eventuais movementos migratorios masivos (emigración e libre circulación de persoas). Certamente, o anterior non contribuíu á xeración de entusiasmo por parte dos estados comunitarios. Por exemplo, Francia foi especialmente remisa con España por razóns económicas e comerciais, mentres Luxemburgo era reticente con Portugal (cf. García Pérez e Lobo-Fernandes, *España y Portugal*).

A alteración da política exterior portuguesa e española para priorizar a dimensión europea (e a transatlántica coa participación na OTAN e os acordos cos EE.UU.) afectou á relación con América Latina nun senso contrario ao defendido por Saramago (achequamento cultural). Como apunta Pérez Herrero,

con el gobierno de Leopoldo Calvo Sotelo (1981-1982) y con el ascenso del PSOE al poder (gobiernos sucesivos de Felipe González en 1982-1996), las relaciones entre España y América Latina se redefinieron al pasar de forma definitiva Europa y el Atlántico Norte a convertirse en la prioridad. En sucesivos discursos desde el gobierno se subrayó que si bien España es parte de Europa, no dejaba de tener vínculos culturales históricos con América Latina, así como compromisos políticos claros como apoyar el fortalecimiento de la democracia [...]. Europa significaba la modernidad, el futuro; América representaba el pasado, la tradición, y España se mostraba como la imagen del modelo exitoso de la transición a la democracia y de las potencialidades del modelo socialdemócrata en países en desarrollo. [...]. Volvía a aparecer la tesis de América como vehículo para acercarse a Europa (de nuevo regresó el concepto de puente). (Pérez Herrero, Las relaciones de España 425)

Refírese este autor á concepción que, con base no hispanismo, propugna a idea de que España debe ser o nexo ou ponte estratégico (líder) entre América Latina e o resto do mundo, en particular, con Europa. Ademais de presuponer o liderado español e unha certa superioridade, tamén responde a formulacións caracterizadas polo paternalismo (Pérez Herrero, *Las relaciones de España* 421). Por outra banda, esta idea da ponte estratégica parte da concepción de América Latina como un instrumento ao servizo dos intereses españoles, América Latina non era unha finalidade en si mesma. Ao respecto, conclúe Pérez Herrero

[...], se detecta que no ha habido durante los siglos XIX y XX una política de Estado claramente definida para América Latina, sino más bien una política para la protección e impulso de los valores de la hispanidad (los sentimientos hispanocéntricos y eurocéntricos han impedido reconocer la diversidad cultural y la heterogeneidad estructural del continente). América Latina ha interesado más como excusa y como pretexto que como un fin en sí misma. (*Las relaciones de España* 436)

No caso portugués, Palmeira apunta que

apesar da prioridade concedida à Europa, Portugal não descura a sua ligação secular aos outros continentes e designadamente aos países que consigo partilham a língua de Camões, com os quais institui a Comunidade de Países de Língua Oficial Portuguesa, em 1997. (*O poder de Portugal* 65)

Neste campo cómpre referir as iniciativas como instauración da Comunidad Iberoamericana de Naciones (1991) que supuxo a revalorización da dimensión cultural e económica. Tamén é preciso mencionar a celebración dos Cumios Iberoamericanos que reúne aos xefes de estado e de goberno de América Latina, ademais de Portugal e España.⁶ Á marxe dos resultados concretos acadados (en ocasións son magros), interesa destacar a consolidación deste foro político. Por último, para situar en contexto esas relacións, debemos citar os cumios entre a Unión Europea, América Latina e o Caribe.⁷ Estes cumios permiten que os estados ibéricos desempeñen un papel de facilitador ou de intermediario. A isto é necesario engadir tanto as relacións con bloques subrexionais (MERCOSUR, Comunidade Andina, Caribe ou América Central) como as relacións bilaterais. Este lacónico apuntamento sitúanos na pista para reflexionar sobre a seguinte cuestión: desde a óptica política (non cultural-identitaria), onde se localiza actualmente a *jangada de pedra*?

⁶ Desde 1991 ata actualidade o número de Cumios Iberoamericanos ascende a 26.

⁷ O primeiro tivo lugar en Río de Janeiro en 1999; o último cumio bienal celebrouse en Bruxelas en 2015, baixo a fórmula de Cumio entre a Unión Europea e a Comunidad de Estados Latinoamericanos y Caribeños (CELAC).

Localización actual da *jangada de pedra*

Sobre a base da metáfora saramaguiana, podemos interrogarnos sobre a localización política (e económica) da *jangada de pedra*. Hoxe, desde esta perspectiva, a resposta supón sinalar que os dous estados ibéricos están fixados, encorados, ao continente europeo, en particular, á Unión Europea. A ficticia arribada da *jangada de pedra* a un punto indeterminado no Atlántico sur non se corresponde coa formulación e orientación da política exterior española e portuguesa dos últimos catro decenios. Tampouco coa evolución política e económica dos estados ibéricos durante esta etapa que comportou o encadramento, inexorablemente, na Unión Europea; unha traxectoria oposta á descrita figuradamente por Saramago (aínda que el facío desde a óptica cultural). Lonxe de arredarse de Europa, polo menos da Unión Europea, España e Portugal semellan estar ancorados ineludiblemente nela; lonxe de separarse, percorreron un camiño de aproximación, de adaptación, de converxencia e de integración no marco político-económico europeo. En liñas xerais, este fenómeno designado como “europeización”, trata de explicar o impacto ocasionado pola Unión Europea, en numerosos e variados ámbitos materiais (por exemplo, opinión pública, partidos políticos, institucións políticas e administrativas ou en políticas públicas tales como agricultura, medio ambiente, monetaria, enerxía, telecomunicacións, interior e xustiza...). Tralas medidas adoptadas para combater a crise financeira (recortes e control de gasto público, subas de impostos, reformas laborais, unión bancaria...) e para reforzar a gobernanza do euro (eurozona), é previsible que se produza a intensificación desa europeización, afectando a ámbitos como o fiscal ou o orzamentario (no campo económico, a crise puxo a proba a fortaleza da europeización con resultados insatisfactorios; por este motivo, aludimos á “europeización líquida”, (Cancela e Gonzalez, El modelo productivo español 189-199). Non é descartable que produza efectos negativos na valoración de Europa e do europeo a nivel de opinión pública.

En xeral, a integración europea, e con ela a europeización, acostumaba ser valorada en termos positivos. Asociábase coa consolidación democrática, coa modernización das estruturas sociais e produtivas, co incremento da riqueza e a distribución equitativa, co incremento da visibilidade e influencia internacional.... Esa valoración adoitaba ser rotundamente positiva para Europa (elevado europeísmo), polo menos, ata o estoupido da crise e a aplicación das medidas de austeridade.

As transformacións globais de tipo xeopolítico, económico, comercial, financeiras, tecnolóxicas... operadas desde a década dos 80 empurramon o avance ou afondamento na integración europea. Esta experimentou profundas transformacións que propiciaron a adquisición dunha dimensión política (dereitos e liberdades, democratización, adopción de políticas comúns en materia de inmigración, monetaria, comercial, relacións exteriores, cooperación ao desenvolvemento, cooperación policial e xudicial...). Noutras palabras, a Unión Europea, e de xeito particular, a eurozona, compórtase como un sistema político que, gradualmente, provoca o fenómeno da europeización. Nese contexto, semella que os estados membros difícilmente poden comportarse como soberanos.

Así, España e Portugal recorren o camiño inverso ao formulado en *A Jangada de Pedra*. Trataron de rachar coa posición política periférica e marxinal no contexto de Europa (central ou eurocéntrica). A partir da visión de Europa e do europeo como unha oportunidade (non como unha ameaza; por exemplo, Europa podía ser fonte de cambios políticos internos non desexados) apostaron pola integración ou aproximación, no canto do relativo e histórico illamento. En definitiva, en termos políticos, a metáfora presentada por Saramago non resulta aplicable a Portugal e España nos nosos días. Con maior ou menor acerto, con maior ou menor capacidade, con más ou menos beneficios e sacrificios, ámbolos dous toman parte, de maneira comprometida, na edificación da Unión Europea para o século XXI, na forxa da unión.

Bibliografía

- Cancela, Celso e González, Bruno. “El modelo productivo español: Un caso de “europeización líquida”, *Revista Chilena de Relaciones Internacionales*, vol. II (2), 2018, pp. 189-199.
- García de Cortázar, Fernando e González Vesga, José M. *Breve historia de España*. Madrid, Alianza 1995.
- García Pérez, Rafael e Lobo-Fernandes, Luís. *España y Portugal. Veinte años de integración europea*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2007.
- Halperín, Jorge. *Conversaciones con Saramago. Reflexiones desde Lanzarote*. Barcelona, Icaria, 2002.
- Payne, Stanley. *España. Una historia única*. Madrid, Planeta, 2008.
- Palmeira, José. *O Poder de Portugal nas Relações Internacionais*. Lisboa, Prefácio, 2006.

Pérez Herrero, Pedro. “Las relaciones de España con América Latina (1810-2010): discursos, políticas y realidades”. En Juan Carlos Pereira (coord.), *La política exterior de España. De 1800 hasta hoy*, Barcelona, Ariel, 2010, pp. 417-440.

Saramago, José. “Descubrámonos los unos a los otros”, *Isegoría*, 19, 1998, pp. 43-52.

_____. *La balsa de piedra*. Trad. de Basilio Losada. Barcelona, Debolsillo, 2015.

Taibo, Carlos. *Comprender Portugal*. Madrid, Catarata, 2015.

Telo, António José e de la Torre Gómez, Hipólito. *Portugal y España en los sistemas internacionales contemporáneos*. Mérida, ERE, 2003.

Celso Cancela Outeda é doutor en Dereito e licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela. É profesor titular de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo, formando parte do grupo investigación Observatorio de Gobernanza G3. Exerce docencia no Grao en Dirección e Xestión Pública e no Máster *en liña* en Dirección Pública e Liderato Institucional na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. Tamén foi o responsable da Cátedra Jean Monnet “Understanding the EU in the 21st century”, concedida pela Comisión Europea no período 2014-2017.

Correo-e: ccancela@uvigo.gal